

BASES REGULADORAS DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO 2016

No artigo 31 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro), establécese:

1. As deputacións provinciais, de conformidade co previsto no artigo 109.1.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG), proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, na implantación e xestión dos servizos sociais comunitarios municipais.
2. De conformidade co artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), as deputacións provinciais proporcionaranlles aos concellos con menos de 20.000 habitantes asistencia económica, técnica e xurídica na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos.
3. As deputacións provinciais apoiarán prioritariamente o financiamento do SAF básico dos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento a estas entidades locais para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia que se regula no artigo 37 do decreto.
4. A Xunta de Galicia, como titular da competencia de planificación xeral do sistema galego de servizos sociais, coordinará as actuacións de apoio financeiro das deputacións aos concellos, para o cal, consonte o disposto no artigo 112.1 da LALG, os programas de cooperación económica coas entidades locais que elaboren as deputacións provinciais nesta materia, calquera que sexa a súa denominación, serán postos, antes da súa aprobación, en coñecemento do órgano superior da Xunta de Galicia competente en materia de servizos sociais e da Comisión Galega de Cooperación Local.

En cumprimento do anterior este Plan presentouse no Rexistro xeral da Xunta de Galicia con data de 9 de marzo de 2016 para coñecemento do órgano superior da Xunta de Galicia competente en materia de servizos sociais e da Comisión Galega de Cooperación Local.

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases proporcionar asistencia económica aos concellos de menos de 20.000 habitantes nas súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos recollidos na LSSG.

Segunda. Destinatarios da convocatoria

Servizos sociais comunitarios municipais básicos dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

Terceira. Contía das axudas e módulos obxecto de financiamento

Para a prestación dos servizos do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016 establécese unha contía máxima, dispoñible para cada concello da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, reflectida no anexo I destas bases.

As entidades locais poderán solicitar ata as contías máximas dos módulos a continuación sinalados, respectando o número de profesionais, a xornada e a categoría profesional entre outros. No caso de redución de xornada con respecto ao estipulado aplicarase a minoración da contía que corresponda de xeito proporcional.

Nos supostos en que os servizos sexan prestados por mancomunidades ou agrupacións con menos de 20.000 habitantes a contía da achega provincial será o resultado de sumar as cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

Para a cuantificación das achegas establécense dous módulos:

- Módulo de persoal:

Referido ao financiamento dos gastos polos conceptos de salarios e Seguridade Social do persoal dos servizos sociais municipais básicos con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia, que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012.

Aplicaranse os seguintes módulos económicos, atendendo ao artigo 47.3 do Decreto 99/2012:

Categoría profesional	Módulo económico: xornada completa	Módulo económico: media xornada
Persoa con titulación superior (licenciatura universitaria)	18.062 €	9.031 €
Persoa con titulación media (diplomatura universitaria)	15.013 €	7.506,50 €
Técnica/o de grao superior (FP)	14.000 €	7.000 €
Gobernanta/e	13.521 €	6.070,50 €
Técnica/o de grao medio (FP)	13.521 €	6.760,50 €
Auxiliar administrativa/o	12.029 €	6.014,50 €
Vixilante	8.416 €	4.208 €
Ordenanza	8.416 €	4.208 €
Limpadora/or	8.416 €	4.208 €

- Módulo de servizo de axuda no fogar (SAF) básico:

Referido a gastos derivados da prestación básica do servizo de axuda no fogar adscrito directamente aos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos con menos de 20.000 habitantes, que comprenden os supostos nos que sexan prestados por xestión directa ou, se é o caso, por xestión indirecta mediante contrato ou encomenda da xestión.

Serán obxecto de subvención os gastos de retribucións brutas e de Seguridade Social do persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar así como o gasto de material directamente vinculado ao programa (luvas, batas, pixamas e zocos), sen prexuízo de que o servizo sexa de xestión directa ou xestionado indirectamente mediante algunha das formas previstas na lexislación de contratos do sector público.

Para estes efectos considérase SAF básico aquel no que as persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrència e que non gocen do servizo a través do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia (SAAD).

Co obxecto de lle proporcionar estabilidade orzamentaria ao servizo de axuda no fogar incorpóranse para o financiamento do SAF básico os incrementos realizados no ano 2015, atendendo á diferenza entre a contía financiada nos módulos de SAF do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais e a estipulada no anexo III do Decreto 99/2012, correspondente á asignación de incrementos de financiamento no servizo de axuda no fogar, prestación básica en réxime de acceso por libre concorrencia.

Cuarta. Documentación, forma e prazo de solicitude de adhesión

Os formularios para solicitar a participación nesta convocatoria –a “certificación de adhesión” e o “proxecto descritivo de servizos sociais comunitarios”– estarán a disposición dos concellos no enderezo www.depo.es.

Estes formularios, debidamente cubertos, deberán ser certificados pola Secretaría do Concello e presentaranse no Rexistro xeral da Deputación ou en calquera das oficinas de rexistro da institución provincial que se detallan na seguinte táboa:

Denominación	Enderezo	Horario
Rexistro xeral da Deputación en Pontevedra	Avda. de Montero Ríos, s/n Pazo provincial	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h e de 17 a 19 h Sábados, de 9 a 13 h
Rexistro da oficina de Vigo	Rúa Oporto, núm. 3	De luns a venres, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL en Pontevedra	Avda. de Marín, núm. 9, baixo	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Arbo	Rúa Luis Cubelas, núm. 2	Mércores, de 9 a 13:30 h

Rexistro do ORAL en Bueu	Rúa Eduardo Vicenti, núm. 8	Luns e xoves, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Caldas de Reis	Rúa José Salgado, núm. 19	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Cambados	Rúa Ourense, núm. 8	De luns a venres, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL en Cangas	Praza das Pontes, s/n	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL na Cañiza	Rúa Progreso, edificio dos xulgados	Martes e xoves, de 9 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Covelo	Praza do Mestre Cerviño, núm. 2	Luns, de 9 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Crecente	Rúa Solís Ruíz, núm. 5	Venres, de 9 a 13:30 h
Rexistro do ORAL na Estrada	Avda. Benito Vigo, núm. 47, baixo	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Lalín	Praza de Galicia, núm. 1, edificio Castro Tecnolóxico	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h

Rexistro do ORAL en Moaña	Rúa Almansa, núm. 5	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL nas Neves	Praza da Cristiandade, núm. 1	Venres, de 9 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Nigrán	Rúa Damas Apostólicas, núm. 15	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Pontearreas	Rúa Concha Brey, núm. 4, baixo	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Ponte Caldelas	Avda. Galicia, núm. 17, edificio do concello	Venres, de 9 a 13:30 h
Rexistro do ORAL no Porriño	Rúa O Pinar, núm. 5	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h Xoves, de 16 a 18 h
Rexistro do ORAL no Rosal	Praza do Calvario, núm. 1, edificio do concello	Martes e xoves, de 9 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Sanxenxo	Rúa Carlos Casas, núm. 8	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Tomiño	Praza do Seixo, s/n	Todos os mércores, de 9 a 13:30 h

Rexistro do ORAL en Tui	Rúa Coruña, núm. 26	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Vilanova de Arousa	Rúa Cruceiro, núm. 1 (esquina rúa Aromas de Leyenda, núm. 11)	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h

Tamén poderán entregarse a través dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP/PAC).

No caso de enviarse por correo postal (ao Rexistro da Deputación) este deberá ser certificado co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes da orde de convocatoria.

Estas bases reguladoras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e, posteriormente, remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO, sen prexuízo da súa inserción na páxina www.depo.es e no taboleiro de anuncios.

O prazo para a presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará no prazo dun mes.

Concederase un prazo de 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión. En caso de non o facer desestimarase a súa petición, previa resolución ditada nos termos do artigo 42.1 da LRXAP/PAC.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do programa, de modo que se entenderá que as que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior renuncian a participar.

A entidade solicitante consente, ao se adherir a este Plan, que os datos deste expediente queden incorporados aos ficheiros informáticos da institución provincial. Os datos persoais

recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros coa finalidade de conter os datos das persoas que participan nos programas financiados pola Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos, e poderán ser incluídos na páxina web.

A entidade local, ao se adherir a este Plan, comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver os seus obxectivos e a completar coa súa achega económica os módulos financiados.

A percepción destas axudas é incompatible con calquera outra achega económica do organismo provincial para os mesmos conceptos.

Quinta. Instrución e resolución

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, deberase elaborar un informe-proposta no que se motivará a contía concedida segundo a base terceira. Este dirixirase á Xunta de Goberno para a súa aprobación definitiva.

Transcorridos tres meses a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación da solicitude sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

Sexta. Pagamento e xustificación

Estas axudas aboaráselles directamente aos concellos logo da súa aprobación na Xunta de Goberno.

Procederase ao pagamento anticipado do 35 % da axuda provincial despois de comprobar de oficio que a entidade receptora cumpre coas obrigas tributarias coa Deputación de Pontevedra. Así mesmo comprobarase que a entidade receptora non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais do exercicio 2015.

Comprobarase a declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, para os casos previstos no artigo

11 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e no artigo 24 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

O 65 % restante librarase tras a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación:

1. Certificación dos servizos de Secretaría ou Intervención (modelo dispoñible na páxina www.depo.es), na que conste:
 - a) O persoal adscrito aos servizos sociais comunitarios básicos da entidade local obxecto da transferencia, especificando a súa categoría ou perfil profesional, tipo de xornada, nome, apelidos e DNI ou NIE.
 - b) Os pagamentos efectuados durante o ano 2016 a este persoal polas retribucións brutas e seguros sociais con cargo á entidade local e os pagamentos realizados ao persoal adscrito ao servizo de axuda no fogar básico de titularidade municipal e os gastos de material (luvas, batas, pixamas e zocos) do citado programa.

No caso de que o SAF sexa xestionado indirectamente mediante algunha das formas previstas na lexislación de contratos do sector público deberán achegarse as copias compulsadas das facturas co importe total, detallando o importe do IVE e especificando o prezo por hora da prestación do servizo.
 - c) Os ingresos recibidos doutras administracións públicas, entes privados ou usuarios (copago) para o financiamento dos mesmos conceptos no mesmo período: a achega da institución provincial é compatible coa percepción doutros ingresos que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega da Deputación, non supere en ningún módulo o importe total do gasto efectivamente xustificado. Para que non concorran esta circunstancia minorarase a axuda provincial no importe necesario, podendo dar lugar a un expediente de reintegro.
2. Memoria de actividade (do persoal e do SAF) no modelo normalizado dispoñible no enderezo www.depo.es, realizada pola traballadora ou traballador social responsable dos servizos sociais comunitarios municipais.

3. Acreditación mediante proba documental do cumprimento do compromiso de publicidade da achega provincial ao que se refire a base décimo primeira. Remitirase unha fotografía do cartel, na que se faga constar a súa localización, e fotografías das tarxetas identificativas para cada membro do persoal traballador do SAF.
4. Certificación do número da conta bancaria de titularidade do Concello.

Ao respecto do importe dos pagamentos xustificandos:

- . Deberá acadar en cada módulo o da achega do organismo provincial.
- . Cando o importe dos pagamentos xustificandos non alcance o determinado na base terceira para o antedito módulo, sempre que se respectasen as condicións establecidas, a axuda provincial reducirase proporcionalmente.
- . En caso de redución na xornada do persoal, sen que fose autorizada previamente a variación do módulo, a achega da Deputación será proporcional á contía prevista para a mencionada xornada no Plan.

No caso de que a contía xustificada sexa inferior ao importe solicitado e recibido producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial, de conformidade co establecido no artigo 90 do R. d. 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2017 inclusive. Excepcionalmente poderase solicitar unha prórroga antes de que remate o mes de xaneiro. Logo de ser valoradas favorablemente as causas excepcionais que motivan a mencionada solicitude polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude e polo Servizo de Intervención poderá concederse unha prórroga da xustificación ata, como máximo, o 31 de marzo de 2017. Se non se achega a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado) requiriráselle á entidade beneficiaria a súa presentación no prazo improrrogable de 15 días. A falta de xustificación neste prazo excepcional levará aparellada a perda da achega da Deputación.

Sétima. Financiamento

A contía consignada para esta convocatoria ascende a 2.178.948,33 €, con cargo á aplicación 16/231.2313.462.00 do Orzamento provincial para o ano 2016.

Oitava. Vixencia

Esta convocatoria terá vixencia do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016.

As sucesivas convocatorias anuais estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Novena. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Este plan rexerá polo establecido nestas bases. Aplicaranse, supletoriamente, as normas da LXS así como as Bases de execución do Orzamento da Deputación para o ano 2016.

As entidades beneficiarias das achegas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

Décima. Interpretación

As dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas bases resolveráas a deputada delegada, previo informe dos servizos de Cohesión Social e Xuventude, de Secretaría e de Intervención.

Décimo primeira. Publicidade

Débase facer constar, en toda a publicidade que se elabore e nas comunicacións que se realicen, a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.

A entidade local deberá situar nun lugar visible do propio centro de servizos sociais comunitarios municipais básicos un cartel informativo no que se faga constar o cofinanciamento da institución provincial.

Ademais, deberá proporcionarlle ao persoal contratado para o servizo de axuda no fogar (sexa propio ou dunha empresa que se poida contratar) as tarxetas identificativas do servizo subvencionado. O persoal deberá levalas consigo cando estea a realizar a actividade obxecto da subvención.

Décimo segunda. Obrigas de información das entidades locais adheridas

As entidades locais adheridas a este Plan estarán obrigadas a lles facilitar aos servizos da institución provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande nun prazo de 15 días. A negativa a facilitar esta información ou a demora inustificada no seu envío dará lugar á exclusión da entidade local do Plan, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou ao inicio do oportuno expediente de reintegro, segundo proceda, das achegas percibidas ou concedidas ao seu abeiro, que será obxecto de declaración pola Xunta de Goberno tras a tramitación do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.